Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 14 de xuño de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO QUINTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NO NÚCLEO DE CAROUBÁNS (COVAS) DO CONCELLO DE AMES. POS + 2017.

En Xunta de Goberno Local de 19 de abril de 2018 se procedeu a clasificación de ofertas no expediente de licitación de Pavimentación de viais no núcleo de Caroubáns (Covas) e foi requirida documentación ó clasificado en primeiro lugar, Nexia Infraestructuras SLU.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, procede adxudicar o contrato de obras, en atención a proposta que formula a Mesa de Contratación de 15 de maio de 2018.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable, con observacións, da Intervención Municipal, informe 205/2018 de 5 de xuño.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- *Adxudicar o contrato de obra Pavimentación de viais no núcleo de Caroubáns (Covas) do Concello de Ames, obra incluída no POS+2017 á empresa* ***Nexia Infraestructuras SLU*** *con CIF B-27802503, e nas seguintes condicións:*

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de dezasete mil oitocentos trinta e oito euros e noventa e sete euros (17.838,97.- euros) sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de tres mil setecentos corenta e seis euros e dezaoito céntimos (3.746,18.- euros).

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra pavimentación de viais no núcleo de Caroubáns (Covas) do Concello de Ames ó enxeñeiro de camiños, da empresa Estudio Técnico Gallego SA, Julio C. Rojo Martínez.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- *Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."*

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, dezaoito de xuño de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925